

UNA PELÍCULA DE MIEDO

1826

Sergio Oskman, 2025

ESTREA EN NUMAX: 14.09.2026 | V.O.S.E. | +12 | 75 min

Durante as vacacións de verán, un director de documentais e o seu fillo de doce anos alóxanse nun hotel abandonado de Lisboa: un hotel baleiro como o da película "O resplandor". Ao neno perségueno historias de monstros e pantasmas. Pero durante a súa estancia en Lisboa, xorden outras pantasmas: a do primeiro asasino en serie portugués e as dos homes que, de repente, tolean e abandonan ás súas familias.

«Oskman completa un prodixioso díptico con 'O fútbol' arredor de todos os abismos que arrastra consigo a figura do pai»

Luis Martínez, EL MUNDO



A posibilidade imposible dunha ficción

Por Carlos Losilla

Non sei se atoparme da noite para o día cunha película como esta inaugurando a sección Zabaltegi 2025, no festival de San Sebastián, é un bo ou un mal sinal. Se abordo a última longa de Sergio Oksman como unha 'non ficción', ese concepto que tan rapidamente envelleceu, as perspectivas non se me presentan alentadoras, pois os métodos do filme, vistos exclusivamente desde ese lugar, resultan repetitivos e as fórmulas gastadas. En cambio, se o observo como unha ficción en toda regra –nestes tempos de *fakes* desatados, seica non todo é xa ficción?–, o punto de vista cambia de xeito radical. En efecto, *Una película de miedo*, a pesar do seu título estrondosamente metafílmico, é o relato de como un director de cinema chamado Sergio Oksman marcha de vacacións co seu fillo a un hotel lisboeta que pretende transformar no lugar onde se podería rodar un filme de terror. Ou onde el mesmo podería facelo. Iso, con todo, só ocorre na súa imaxinación. Na pantalla, succédense conversas, anécdotas, apuntamentos sobre outras posibles películas, todo iso acompañado por unha voz en off que conta tamén outras historias, entre elas a doutra película, tamén atribuída ao tal Sergio Oksman, na que outra vez el mesmo filmou o seu pai pouco antes de morrer. Adivinárono: esta última película titulábase *O fútbol* (2015) e gañou varios premios en festivais hai agora uns dez anos. Xogo de espellos? E cal é o medo do que fala *Una película de miedo*? Quizais o medo á vida, ou a vida como aquilo que realmente dá medo?

Nin unha cousa nin outra. Se *Una película de miedo* é unha película espléndida é porque deixa todas esas obviedades de lado para converterse na posibilidade imposible dunha ficción. Ou na posible imposibilidade de filmar hoxe unha ficción, un relato sólido e contundente. Todo queda a medias: empézase a falar da historia de Diogo Alves, o chamado 'asasino do Acueduto', e non se ve por onde seguir; alúdese ao outro pai, ao outro filme, pero as conexións non terminan de funcionar... Pois ben, é nese punto, nese xiro constante que deixa o filme 'no aire' onde reside a súa clave. Hai que lograr un estado de suspensión, un relato que flote, que non se decida por nada, para que todo o demais, todo o que queda, decida por el. E como se chega ata aí? Nun momento dado, o terceiro personaxe, o amigo do hotel, entrométese máis da conta na ficción e hipnotiza a Nuno, o fillo de Oksman. É entón cando ten lugar a creba, a brecha, e a película pasa 'alén', de xeito que boa parte do dito até entón adquire a consistencia, digamos, necesaria como para formar un relato: os pasadizos do acueduto que frecuentou Diogo Alves son como os corredores do hotel no que pernoctan Sergio e Nuno, e todo iso conduce a ese cuarto misterioso, a 103, que podería ser como a d'*O resplandor*, no fondo o espello no que se mira esta 'película de medo'... Non será esoutro concepto do 'espello' o que está detrás de todo, a xulgar tamén pola gran cantidade deses obxectos que poboan o filme? No fondo, a última película de Oksman pertence a esa gran tradición latinoamericana do relato desbordado que agora, nas postrimerías da 'non ficción', acaba converténdose nunha miríada de relatos frustrados.

Publicado en caimanediciones.es